



CONCELLO DE REDONDEIRA

## ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POR QUENDA LIBRE, DO CONCELLO DE REDONDEIRA

### RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA AO PRIMEIRO EXERCICIO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO, TIPO TEST. DESESTIMACIÓN

Reunido, no Pavillón de Deportes A Marisma de Redondeira, ás nove horas do día 22 de abril de 2021, o Tribunal Cualificador do proceso selectivo convocado para cubrir unha praza de auxiliar de Administración Xeral, por quenda libre, segundo a convocatoria publicada no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* n.º 210, de **30 de outubro de 2020**, coa asistencia dos seguintes membros:

**Presidenta:** Marina Piñeiro Novo, xefa do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra.

**Secretaria:** Katia María González García, policía coordinadora executiva de Protección Civil de Vigo.

**Vogais:** Rubén Gómez González, responsable de Portais Web do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación Provincial de Pontevedra, Marcos Aramburu García-Pintos, xefe de negociado de Desenvolvemento de Novas Tecnoloxías da Deputación Provincial de Pontevedra e María Romina Blanco González, administrativa da Deputación Provincial de Pontevedra.

Nesta reunión dáse conta, pola secretaria do Tribunal, da reclamación presentada por José Alberto Fernández Copa, en data 15 de abril de 2021, ás 18:20 horas, con número de rexistro 2021-E-RE-1715, polo que o Tribunal Cualificador, por unanimidade, á vista desta, fai as seguintes consideracións:

Na reclamación sinalada alégase que a resposta correcta da pregunta 39 é a opción d) e non a sinalada no modelo de respostas publicado polo Tribunal, que se corresponde coa a). Polo tanto, esixe que se revise o seu exame e se poña a nota de 5,87, dado que así tería 27 respostas correctas, 7 incorrectas e 6 en branco.

Non obstante, non é certo o que afirma o reclamante, dado que a única resposta válida é a a), que é a que deu como correcta este Tribunal. O recorrente non ten en consideración que a opción d) recolle textualmente "Exercer a iniciativa individual nos termos previstos no art. 70 bis da Lei de bases de réxime local". Se o reclamante consulta o artigo 18.1.h) da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local pode comprobar que textualmente establece "Exercer a iniciativa popular nos termos previstos no art. 70 bis da Lei de bases de réxime local". Non é o mesmo iniciativa popular que iniciativa individual, polo tanto a opción a) "Acceder ós aproveitamentos comunais" é a correcta, tal e como se recolle no artigo 18.1.c) da citada Lei 7/85, de 2 de abril.



CONCELLO DE REDONDELA

Con base no anterior, o Tribunal, por unanimidade, acorda desestimar a reclamación formulada por José Alberto Fernández Copa e que a súa puntuación non varíe, quedando en 5,50, con 26 respostas acertadas, 8 mal e 6 en branco, polos motivos expostos.

O Tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Redondela e, de forma complementaria, no portal web do Concello o contido desde acordo.

RECURSOS.- Contra a resolución da reclamación sinalada poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, recurso de alzada no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios, consonte o establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non obstante, as persoas interesadas tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.